

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Pola necesidade de aprobar en prazo o proxecto de construción das pistas de atletismo.»
Data	28 de xullo de 2021
Duración	Desde as 21:05 ata as 22:20 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** explica que o motivo da urxencia desta sesión é a necesidade de aprobar en prazo o proxecto de construción das pistas de atletismo para presentalo perante á Deputación Provincial de Pontevedra co fin de optar a subvención do programa REACPON.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o seu voto en contra remitíndose aos motivos expostos na sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada o pasado 21 de xullo, en concreto por considerar que esta urxencia provén dun erro previo do grupo de goberno.

Non habendo máis intervencións, sométese a urxencia a votación, sendo aprobada por maioría, cos votos a favor dos grupos do Partido Popular e MÓVETE, e en contra dos grupos do Partido Socialista e Mixto (BNG).

Expediente 3208/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO EN A ESTRADA"



Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, o cal comeza dicindo que, trala aprobación da reversión da parcela de 23.000 m² da AGASP (aprobada na sesión plenaria de 21/07/2021), procedemos a propoñer a aprobación do proxecto para a construción de pistas de atletismo, tratándose dun proxecto ambicioso que, nun futuro, permitiranos homologalas e pasar a ser unha instalación de primeiro nivel e que suporá un incremento da oferta deportiva para os nosos clubs e atletas e ser sede de competicións a nivel autonómico e nacional, repercutindo na economía local.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que estamos ante un proxecto elaborado ás presas para poder ser presentado ante a Deputación co fin de obter subvención con cargo ao programa REACPON, polo que quere felicitar aos técnicos municipais polo seu traballo, sen embargo considera necesario remarcar a falta de previsión do goberno municipal e que provocou que os técnicos tiveran que asumir esa carga de traballo sendo espremidos polos políticos desta casa, sobre todo cando o departamento de Urbanismo sofre unha baixa entre o seu persoal, aconsellando ao grupo de goberno que busque solucións ao estado no que se atopa o nomeado departamento en lugar de incrementar a carga aos traballadores existentes.

Centrándose no tema a tratar, observa que no proxecto non se dan datos sobre o atletismo na Estrada para xustificar a necesidade e oportunidade desta infraestrutura, aínda que é necesaria. En referencia ao seu encaixe na Axenda 20-30, considera que no proxecto hai cuestións que son inasimilables, por exemplo que se encaixe no obxectivo estratéxico 6 (Auga Limpa) cando neste se contempla garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible das augas e, ademais, fala de saneamento, algo que non lle cadra; tamén se fai encadrar no obxectivo 7 (Energía) e que pretende o acceso dos veciños/as á enerxía, nada que ver con ter unha infraestrutura deportiva; así mesmo, encádrase no obxectivo 12 (Producción e Consumo Responsable) e que consiste en garantir as modalidades e sistemas de consumo sostible, e nesta instalación non encaixa este tipo de obxectivo. Di que entender que hai que facer toda a literatura posible para abarcar todos os obxectivos e acadar o máximo de puntuación, outra cousa é xustificar este tipo de cuestións. No relativo á parte da infraestrutura, considera atinado que se fagan unhas pistas homologadas, sobre todo se queremos traer deportistas de fóra do noso Concello; en canto á parte técnica, non vai a entrar en analizalas e debatelas porque trátanse de cuestións valoradas polos técnicos baseándose en criterios específicos para este tipo de infraestruturas.

Di que quere facer fincapé nas cuestións legais, a este respecto este expediente preséntase xunto cun informe técnico de Urbanismo que apunta que o proxecto carece de fundamento na adecuación entre este e o PXOM, así observa que no que se recolle no dito proxecto é unha mera afirmación a que si cumpre co Plan Xeral; polo dito considera que o epígrafe do proxecto debería conter unha xustificación de por que este cumpre co devandito Plan. Así mesmo, o informe xurídico demanda a necesidade dun plan especial en materia de infraestruturas e dotacións para levar a cabo esta actuación. Di que o PXOM fai unha valoración do tipo de solo para a construción deste tipo de instalacións remitíndose ao disposto na lei autonómica galega e nesta norma sinalase a necesidade dese plan especial. Ante o anterior, observa unha eiva legal, entendendo que o grupo de goberno base o proxecto no criterio do arquitecto e non no criterio xurídico, porque así a tramitación é máis sinxela e evitan facer un plan especial, pero non poden esquecer que non se adaptan á legalidade.

En canto ao financiamento, o grupo de goberno pretende colar este proxecto na Liña 2 (Novas Instalacións) do programa REACPON, e considera que un proxecto elaborado en dous meses non se pode considerar maduro e, polo tanto, vai en contra do que é esta liña de financiamento, xa que nesta caben os proxectos de construcións de edificacións e instalacións sostibles e intelixentes ou instalacións que garantan servizos de cohesión territorial. Di que espera que esta liña de financiamento sexa o suficientemente ampla para que sexa aceptado, pero todo vai collido con pinzas.



Ante todo o anterior, traslada o seu desexo que este proxecto cumpra os obxectivos da convocatoria e acade a puntuación necesaria para optar a esta axuda da Deputación, outra cousa é que outros Concellos non nos pasen adianten, xa que son máis premiados os de rehabilitación de instalacións e non de novas construcións.

Continúa manifestando que a presentación deste proxecto á Deputación de Pontevedra para optar á liña REACPON, choca coa postura que o grupo de goberno viña mantendo ata de agora, porque o Alcalde dicía que estaba negociando para que fora financiado pola Xunta de Galicia renegando da Deputación, pero agora resulta que optan ao programa da Deputación e o organismo autónomo financiaría unha segunda fase en caso de habela, o que considera que o que se busca é lavar a cara á Xunta de Galicia.

Finalmente, manifesta non estar de acordo con presentar este proxecto ao plan REACPON porque trátanse duns fondos moi versátiles que se poderían destinar a calquera outro proxecto sempre e cando a Xunta de Galicia estivera comprometida a financiar as pistas de atletismo; ademais, se o grupo de goberno estivera pegado á realidade se daría conta que temos un rural pegado ao terceiro mundo cuxa situación poderíase solucionar mediante a presentación de proxectos destinados a novas traídas de auga, saneamento, rehabilitación do vello centro de saúde, mellora das contornas das escolas unitarias, o desenvolvemento dunha fibra óptica propia, etc. etc. Polo manifestado, considera que a Xunta deberíase comprometer máis con este proxecto e asumilo e, deste xeito, o plan REACPON podería utilizarse para outros proxectos máis interesantes (como enumerou anteriormente)

Di que na Comisión Informativa expresáronse un par de cuestións que non tiveron resposta, que son o mantemento destas pistas de atletismo (neste caso e como a AGASP as vai a utilizar, deberíase asinar un Convenio para que esta corra coa obriga do mantemento destas instalacións e a provisión dunha praza con persoal para este traballo).

Por último, di que o seu grupo votará a favor a pesares da abstención na sesión da Comisión, por considerar que A Estrada necesita este investimento.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, dicindo que considera a obra das pistas de atletismo como prioritaria e necesaria, dando resposta á débeda contraída dende fai dez anos cos nosos deportistas e veciños, polo que o seu grupo vai a apoiar este proxecto.

En canto á redacción do proxecto observa moitas deficiencias, pero tamén é certo que se redactou en dous meses, considerando que o grupo de goberno tería que ser máis previsor e haber tramitado este expediente con máis antelación e non esperar ao último momento, sendo esta a principal crítica que lle fai ao proxecto.

Con respecto ao financiamento, pensa que o máis lóxico é que fora financiado pola Xunta tendo xa que a AGASP beneficiarase destas instalacións, pero o feito que se optara polo plan REACPON e á vista da importancia da obra que se quere acometer lle parece ben sempre e cando se acade un si a este proxecto. De todas maneiras, esixe o compromiso do grupo de goberno de que, en caso de non conseguir esta subvención da Deputación, busque o financiamento por parte da Xunta ou ben con fondos propios e así cumprir a súa promesa electoral nesta lexislatura.

Por último traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o seu apoio á construción das pistas de atletismo porque se traduce á súa vez nun apoio aos/ás deportistas estradenses para que poidan gozar dun espazo adecuado para o desenvolvemento das súas actividades deportivas. Por outra banda coincide co manifestado polos anteriores voceiros dos grupos socialista e MOVETE en relación coa premura coa que se tramitou este expediente e que deu lugar a un proxecto baseado na improvisación, sorprendéndolle o ambicioso que é ante a cantidade de deportes que se van a ver beneficiados con esta infraestrutura, preguntándose se realmente é necesario todo iso.

Continúa trasladando a súa dúbida de como se efectuará o mantemento destas instalacións,



pensando que este servizo vai a ser caro e difícil, preguntándose de onde van a saír eses cartos, quen o vai a facer, con que periodicidade, etc.

Por último aclara que vai a votar a favor da aprobación deste proxecto pola necesidade de esta infraestrutura, pero non ao proxecto en si.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para, en primeiro lugar, agradecer o apoio sincero dos grupos Mixto (BNG) e de MOVETE e o forzado do grupo socialista (o cal desexaría que a Deputación non aceptara esta solicitude) a esta iniciativa a este proxecto e que os estradenses ambicionaban fai tempo. Aclara que trátase dunha infraestrutura que polas súas características non é sinxela e que entendía que debería ubicarse na contorna da rúa da Cultura, sobre todo pola dificultade de atopar outro terreo coas dimensións adecuadas noutro lugar do noso municipio. Dirixíndose ao grupo socialista, sabe que desexan que este proxecto non saia adiante a pesares de que estamos ante unha infraestrutura necesaria e moi demandada pola nosa veciñanza.

Di que se trata dun proxecto moi ambicioso, querendo converter estas instalacións nun referente a nivel galego e, para elo, temos que optar por unhas instalacións completas e que non só sirvan para os nosos deportistas, senón tamén para a celebración de eventos e así dar resposta a esas competicións deportivas que se están a celebrar ultimamente no noso municipio e que, por ende, achegará xente que favorecerá o turismo no noso concello.

En canto á crítica pola premura na elaboración deste proxecto, aclara que lévase un ano e medio traballando no seu deseño e estudo para a súa ubicación, celebrándose reunións coa Secretaría Xeral de Deportes, técnicos especializados neste tipo de infraestruturas e outros organismos, faltando tan só a elaboración do proxecto.

En canto ao repetido varias veces polo voceiro socialista en relación aos criterios obxectivos, lembra que non tivemos a mesma información que outros concellos ao plan RECPON e por iso tan só contamos con dous meses para elaborar o proxecto, ademais de non haber imparcialidade á hora de concesión de subvencións, de feito noutros plans, a maioría dos concellos beneficiados eran gobernados polos socialistas, esperando poder entrar nese núcleo selecto de concelleiros do PP que obteñen financiamento. Así mesmo, dirixíndose ao Sr. López Bueno, lle aclara que a madurez dun proxecto non depende dos anos que leva aprobado, e este está perfectamente definido e ten as condicións necesarias para considerarse maduro e listo para licitar unha vez aprobado nesta sesión; por outra banda, no tema dos ODS, di que calquera proxecto que sexa presentado é imposible que cumpra os 17 obxectivos, máis ben hai que buscar que cumpra os máximos posibles e este si os cumpre, o que se xustifica na súa Memoria, ademais hai un informe emitido polo departamento de Deportes que xustifica a situación actual do atletismo estradense e o número de clubs e deportistas mediante documentación solicitada a estes e que será incorporada á solicitude que se fará á Deputación a modo de xustificación da necesidade desta infraestrutura para o noso concello.

En canto ao afirmado polo voceiro socialista sobre que a competencia das instalacións deportivas correspondente á Xunta de Galicia, di que é mentira, porque son competencia dos Concellos e o organismo quen ten que apoiar a estes en tema de infraestruturas deportivas é a Deputación, a cal terá que apoiar máis aos Concellos con menos recursos e non como o está a facer, favorecendo ao Concello de Vigo, por exemplo. Polo dito, di que é sabedor como actúa o partido socialista e cales van a ser os Concellos beneficiarios do plan REACPON, mantendo a esperanza que sexamos un dos poucos Concellos gobernados polo PP que se benefician deste financiamento, porque presentamos un proxecto sólido e competitivo grazas ao esforzo dos nosos técnicos municipais.

En canto ao sinalado no informe técnico, considera que non é normal que un técnico xurídico cuestione temas urbanísticos, polo que non é verdade que nos atañamos ao informe que máis nos interese, senón que o arquitecto municipal é o que ten a capacidade de decidir as cuestións urbanísticas de determinados terreos. Así que, á vista do alegado polo grupo socialista, lle deixa moi clara a súa postura, pero como sabe moi ben con quen se xoga, conta cun plan B e a Xunta de Galicia non se vai a saír sen participar neste proxecto, e, independentemente de se a Deputación o financie, esta obra vaise a licitar o ano que ven; e, en caso de que a Deputación



conceda o financiamento, elaborárase unha segunda fase, na que se está a traballar, para a construción dun módulo cuberto, específico para atletismo no interior e así albergar outros deportes que necesitan espazo propios (por exemplo, artes marciais, ximnasia artística, vestiarios,), contándose coa axuda da Xunta.

Finalmente, di que estamos ante un proxecto ambicioso e que da cobertura a todas as necesidades deportivas do noso concello, da así mesmo as grazas o apoio sincero dos grupos de MÓVETE e Mixto (BNG) e o apoio forzado do grupo do Partido Socialista.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para recriminar ao Sr. Alcalde por non haber prestado atención á súa anterior intervención. Por outra banda, aclara que as voceiras dos outros grupos dixerón que coincidían co que dixo el con respecto ao proxecto que estamos a debater, polo que non entende como lle agradece o seu voto sincero.

En canto ao dito sobre que o grupo de goberno encaixou todas as pezas deste proxecto, entende que tan só encaixaron unha, a do financiamento, porque a Xunta non está comprometida con esta instalación, así que se a Deputación non quitara este plan e estivéramos esperando polo órgano autonómico non estaríamos hoxe aquí por non haber ningunha liña de investimento da Xunta á cal poder presentar este proxecto, por iso financiará a segunda fase, porque así o fará cando mellor lle interese. Por outra banda, aclara que nunca dixo que este proxecto non estivera maduro, senón que era imposible que en dous meses se puidera ter un proxecto maduro, e o Alcalde reconece que estiveron varios meses traballando nel, polo que non entende a crítica. Así mesmo se pregunta que faría o grupo do PP en caso de estar na bancada da oposición ao tratar este tema, seguramente intentarían buscar confrontación e rendemento político como calquera.

Quere deixar claro que a el non lle chegan instrucións para remarcar un termo ou outro, senón que polo plan REACPON están marcados uns criterios obxectivos para a avaliación, recomendándolle ao Sr Alcalde que os lea para saber cales son, aínda así procede a reiterar o dito na súa anterior intervención en canto a este tema.

Continúa dicindo que está moi ben asesorado co fin de debater e opinar sobre o asunto que estamos a tratar, polo tanto pode falar con certa solvencia sobre este tema, á diferenza do Sr. Alcalde.

En canto ao informe emitido pola área de Deportes, aclara que non consta no expediente, polo que pide que se lle aclare onde se atopa o mesmo e que llo faciliten canto antes.

No que se refire ás competencias da Xunta e as do Concello, lle pide ao Sr. Alcalde que non poña palabras na súa boca que non dixo, porque o que dixo foi que a Xunta tiña competencias en materia deportiva a nivel autonómico, polo que ben podería financiar esta actuación na súa totalidade e non só a presunta fase 2, e así poder utilizar os fondos do REACPON para outros proxectos.

En canto á referencia ao concello de Vigo por levar moitas axudas da Deputación, quere aclarar que tamén hai outros concellos, tales como o de Lalín.

Por outra parte, aclara que non dubida da capacidade do Arquitecto, pero xa que no departamento de Urbanismo temos un xurídico experto nesta materia, entende que se debería seguir o seu criterio, pero, polo contrario optouse por ignoralo e inclinarse polo manifestado no informe do Arquitecto co fin de buscar unha xustificación máis axeitada aos seus intereses.

No que se refire ao Plan B que ten o grupo de goberno, isto deixa constancia da pouco esperanza que ten no proxecto para que sexa admitido no plan REACPON.

Remata coa segunda intervención ao considerar que co dito quedan desacreditadas todas a mentiras ditas polo Sr. Alcalde, pedíndolle que para as próximas sesións lle preste máis atención ás súas intervencións.

O **Sr. Alcalde** considera que hai pouco máis que debater, sobre todo cando o Sr. López Bueno traballa moito sobre suposicións e pouco sobre feitos, como calquera grupo da oposición, mentres que o grupo de goberno ten que acreditarlos e demostralos, así como materializalos. A continuación deféndese das acusacións de que non presta atención ás intervencións da oposición dicindo que, ao mellor, é un problema do voceiro socialista por non saber transmitir ou de ter





equivocada a realidade. Por outra banda, lembra que o actual grupo de goberno leva dez anos gobernando e cumprindo o seu programa electoral, dentro do cal figuraba a construción destas pistas de atletismo.

Volve a reiterar o dito na súa anterior intervención en canto ao proxecto que se está a debater, sobre todo no relativo á súa madurez, preparación, necesidade e financiamento, rematando a súa intervención trasladando que este proxecto será presentado perante á Deputación o vindeiro venres, esperando acadar a máxima puntuación e así materializar esta infraestrutura dando resposta aos desexos de tantos estradenses para o ano 2022.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación desta proposta, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o proxecto asinado en data 14/07/2021, polo arquitecto técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral (P.E.C.: 1.320.000,00 €), para executar a obra/construción/instalación "CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO EN A ESTRADA".

Visto o informe técnico-urbanístico, favorable, do arquitecto municipal, D. Enrique Ponte Clares, de data 15/07/2021.

Visto o informe de supervisión, favorable, do arquitecto municipal, D. Enrique Ponte Clares, de data 15/07/2021.

Vista a acta de replanteo previo, favorable, do arquitecto municipal, D. Enrique Ponte Clares, de data 15/07/2021.

Visto o informe xurídico-urbanístico emitido en data 15/07/2021 polo T.A.X. - Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe aclaratorio do arquitecto municipal, D. Enrique Ponte Clares, de data 22/07/2021.

Visto o interese público subxacente na acometida da obra de referencia, motivado na memoria do significado proxecto.

Vista a proposta aprobatoria do Sr. Alcalde do 23/07/2021, así como o derradeiro informe técnico do arquitecto municipal que defende o encaixe da actuación na Disposición Transitoria III da Lei do Solo, aclarando que a obra será executada con ou sen a aportación da Excm. Deputación Provincial.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión celebrada o 26/07/2021.

Visto o debatido nesta sesión.

ACORDAMOS:

Aprobar o proxecto asinado en data 14/07/2021, polo Arquitecto Técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral (P.E.C.: 1.320.000,00 €), para executar a obra/construción/instalación "CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO EN A ESTRADA".

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades





Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 6YAEDNTET5M69R2PALN4KGLTE | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8